

[Prazas traslados 2013.pdf](#)

OPE DE MISERIA

Achegamos as prazas para traslados que a administración entregou na mesa sectorial celebrada o 22 de novembro de 2013.

Para OPE saen 165 prazas (40 para médicos de familia e 125 para enfermaría). Corresponden ao 10% do total das prazas vacantes xeradas desde novembro de 2011 até setembro de 2013, en total 1649 prazas vacantes, que non quere dicir que estean todas cubertas nin que se vaian cubrir.

Na oferta de emprego do ano 2012, o SERGAS convocou na OPE de FEAS 176 prazas que correspondían ao 10% das vacantes existentes até o ano 2011, un total de 1760.

Se sumamos o total das prazas vacantes $1760 + 1649 = 3.409$, o que se produce é que o SERGAS ven de confirmar a denuncia que CIG-SAÚDE facía no ano 2011, cando denunciabamos que no SERGAS durante o período 2011- 2013 íanse producir máis de 3.000 prazas vacantes, que non serían ser cubertas amparándose na taxa de reposición; o que isto significa é unha perda progresiva de postos de traballo no sistema sanitario público.

Desde CIG-SAÚDE rexeitamos este atropelo ao sistema sanitario público, esiximos a anulación inmediata da taxa de reposición, dado que se a sanidade é un servizo esencial, non se pode seguir eliminando postos de traballo até facer inviábel a prestación de servizo.

[Prazas traslados 2013.pdf](#)